



Hai moitos títulos novos nas librerías e bibliotecas, especialmente para lectores principiantes

1999 despediuse deixando unha morea de novidades

Colleita para o novo ano

Silvia Gaspar

Como soe suceder en cada festa de Nadal, as editoriais aproveitan para lanzar ó mercado unha boa cantidade de libros que poidan ser incluídos nas cartas ós Reis. E, como non podía ser menos, o remate de 1999 mantivo o costume con substanciosas aportacións para tódolos públicos e idades, aínda que a simple vista apréciase unha maior querencia polos lectores principiantes.

As obras que agora podemos contemplar nas librerías pertencen a tódalas editoriais en activo, e presentan nomes tan populares como Gloria Sánchez (A casa de vi-

dro do señor Clin, Teatro feroz), Agustín Fernández Paz (As fadas verdes, A nube de cores), Antón Cortizas (Contos de vento), Fina Casalderrey (O misterio do cemiterio vello, Pimpín e dona Gata) ou Xoán Babarro e Ana Fernández (Os xigantes de nunca acabar).

Á par destes nomes, que gozan de seguidores incondicionais en cada seu estilo, tamén asomaron ós andeis das estanterías outros menos experimentados ou simplemente primeirizos (entre eles, moitas mulleres), como é o caso de María Canosa (Á espreita na penumbra), Ánxela Gracián (As bolboretas douradas) ou Xurxo Chapela (Con Aroa,

o último verán), que en moitos casos preferiron dirixirse a un público de maior idade.

Como é de supoñer, nin están citados tódolos que son nin tódalas obras publicadas acadan a mesma altura en canto á calidade. Sen embargo esta ampla oferta para empezo-lo ano preséntanos un panorama abondo ricaz para mergullarnos á busca da creación máis interesante, aquela que mellor se adapte ós nosos gustos ou apetencias dun momento. E é que o bo do comezo do curso é a posibilidade de velo todo (mesmo os nosos vellos libros de texto) cos ollos da novidade.